

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

15173 Orde ARM/2556/2011, do 21 de setembro, de corrección de erros da Orde ARM/3372/2010, do 27 de decembro, pola que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas téxtiles.

Advertidos erros no texto da Orde ARM/3372/2010, do 27 de decembro, pola que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas téxtiles, inserida no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega, número 317, do 30 de decembro de 2010, procédese a emendalos mediante a oportuna rectificación:

Todos os nomes botánicos das plantas e os nomes científicos doutros organismos que se mencionan no citado regulamento teñen que indicarse en letra cursiva.

Na páxina 3, no punto II, *Categorías de sementes*, onde di:

«b) O material parental é a unidade inicial utilizada na conservación da variedade e constitúe a xeración X-0. As sucesivas multiplicacións deste material denominaranse X-1, X-2, X-3, etcétera, e constitúen as sementes de prebase.»

Debe dicir:

«b) O material parental é a unidade inicial utilizada na conservación da variedade e constitúe a xeración X-0. As sucesivas multiplicacións deste material denominaranse X-1, X-2, X-3, etc., e constitúen as sementes de prebase.»

Na páxina 10, nas Observacións do anexo 3, onde di: «Os lotes de semente certificada poden proceder dunha ou varias.»; debe dicir: «Os lotes de semente certificada poden proceder dunha ou varias parcelas da mesma zona.»

Madrid, 21 de setembro de 2011.—A ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, Rosa Aguilar Rivero.